



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

Proposta do GM Socialista para complementar a proposta da Alcaldía de adaptación dos libros de actas e de resolucións a soporte electrónico.

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Allariz, o abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a formular aos órganos de goberno municipais a seguinte proposta de actuación,

Dacordo coa presente proposta da Alcaldía, coincidimos coa necesidade de adaptar a propia administración municipal ao establecido polo artigo 1º da Lei 39/2015 e o Decreto 24/2018 e implementar medios electrónicos ás actas das sesións plenarias. Como xa referiu a alcaldesa na súa proposta, isto pasa pola gravación dos plenos en formato audiovisual, un medio que, a noso xiuzo, recolle dun mellor xeito o desenvolvemento das diferentes sesións plenarias e que permite á cidadanía un achegamento máis sinxelo ao contido das mesmas.

E aquí onde precisamente cremos que a proposta da Alcaldía se queda corta. Creemos que, posto este tema enriba da mesa, debemos abórdalo tendo en conta máis factores que os estritamente recollidos na presente proposta. Pensamos que este Concello pode ir máis alá, en multitude de ocasións temos tratado neste pleno asuntos relativos á transparencia e cremos que neste caso temos a oportunidade de profundizar neste eido.

Así, propómoslle a este pleno aproveitar a gravación audiovisual para facer algo que moitos Concellos de Ourense e de Galicia xa fan, retransmitir vía internet as sesións plenarias. Propomos tamén empregar a recentemente reformada web do Concello, ou adicionalmente plataformas web como YouTube, para publicar nelas todas as gravacións de plenos e comisións plenarias, de xeito que constitúan unha hemeroteca das mesmas que os cidadáns poidan consultar en calquera momento.

Asimesmo, para velar pola imparcialidade do proceso, cremos necesario establecer unha serie de requisitos técnicos: que a gravación de ditas sesións se realice de xeito íntegro, obxectivo e entendible, tanto visual como auditivamente; que non se realice ningunha edición que elimine ou modifique contido da sesión, de xeito que se garanta a transparencia e a imparcialidade da información; e que se entregue unha copia do arquivo audiovisual a todos os grupos nun prazo de tempo razoable dende a última sesión plenaria.

En suma, cremos que incluír estas cuestións na proposta da Alcaldía pode supor un importante avance na transparencia deste Concello, e conseguiremos con elo achegar as deliberacións desta Casa á cidadanía e facela así partícipe dos asuntos que aquí se tratan.